

CASTELAO EN COTOBADE

Por ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Non sei se sería máis doado decir: Castelao e Cotobade, pra poder articular millor con doadas perspectivas, figura e obra do artista nos camiños de Carballedo, Rebordelo, Loureiro, Famelga e outros lugares da comarca. Foi un tempo contado, nada máis que un vran que o artista pasou nunha casa arrendada na parroquia de Carballedo, no lugar de Pazos. Queda na obra de Castelao unha longa serie de estampas, moitas recollidas no libro *As cruces de pedra na Galiza* e outras publicadas en diferentes lugares, e quedan tamén lembranzas dos seus decires nas conversas que tiña con cantos podía larear. Moi axiña foi un veciño máis. Con afáns de investigador e artista aprendeo de contado camiños cheos de sombra, atallos por carreiros entre xestas e carballos, longas silvas e galudos toxos, e pasou, pra ver os tremiñados dos muiños, as pouleiras despóis da sega. Lembraba con emoción o canto do *reiseñor* que escoitou no comenzo da noite, nas Urceiras, cerca da ponte dos Aréns. Dou sempre moito creto a cantos lle serviron de guía. Con atención singular escoitou ditos, refráns, contos, pequenas historias e pasos de misteriosos fantasmas. Un día meu pai acompañouno deica a ilesia de Loureiro (figs. 1 e 2), e puido enterarse da vida de unha rapaciña moi fermosa, Florentina, enterrada no adro da ilesia que era o Campo Santo da parroquia. Castelao adicoulle o Segundo Libro de "Cousas" con estas palabras: *A Florentina, rapaza que morréu de amor na feligresía de Loureiro o ano de 1857.*

Todos sabían e contaban esta historia. O mozo de Florentina era un garboso galán, alegre, de palabra sosegada, mirada fonda e voz cautivante; fixo ronda de amor polo lugar e foi correspondido. Os amores atingiron promesas e caíron en rea-

lismos sempre espranzados no peito de Florentina. Pero un día unha fala serodia de petrucio abafou a ilusión da rapaza e o seu corazón queimouse na fogueira que ela mesma alcendía a cada intre, e, daquela coa labarada aqueataba o pensamento e alumeaba as sombras, sombras que agora, sentíndose desprezada, quedan pechas na súa dianteira sin deixarlle un porteliño aberto pra poder saír da cadea tecida coas doas máis brillantes do amor. A falla do amor foi mal sin cura. Axiña fuxiron as carnes dela e unha noite oubearon os cans na dianteira do adro, e a xente dixo que ventaban o derradeiro viaxe de Florentina pra sepultura familiar. Non é, como se vé, un sucedido aldeán de portentos máxicos, é unha triste historia que un canteiro, coa maior humildade poética, grabou nunha lápida que aparece diante da sepultura e di o seguinte:

DE LA PRENDA TAN QUERIDA
YACEN AQUÍ LOS DESPOJOS
Y NO SE CONTIENEN LOS OJOS
DE LLORAR A FLORENTINA

GARCÍA.

JOVEN DESCONSOLADA
QUE A LOS 23 AÑOS DE EDAD
PASÓ A LA ETERNIDAD.
DICIEMBRE DÍA PRIMERO
DE VIDA FUE EL POSTRERO
PARA ESTA JOYA MALOGRADA.

1857.

Castelao buscaba afanosamente cruces e cruceiros pra estudar todas as manifestacións artísticas de cada obra que dibuxaba con ótima maestría. En Cotobade as cruces máis sinxelas son as que se facían nos montes, nas extremas dos cupos de toxo e toxos cando se repartía unha parte de monte comunal. Outro tipo de cruz sinxela son as cruces que constitúen os Viacrucis e tamén cruceiros sin imaxen como o do Campo da Festa de Loureiro. Este cruceiro ten traza de haber substituído a outro máis antigo que cristianizou o lugar onde hai un carballo milenario chamado Carballo de Santa Isabel, ten unha mesíña de pedra ó seu lado colocada a comezos do século XVIII. Foi sempre campo de festas e na súa beira facíanse as comidas das

festas de confradías que había na parroquia e que foron prohibidas polos visitantes. Hasta fai poucos anos o día de San Marcos iba a procesión deica o Campo e dende alí benzoábanse as terras da parroquia.

Cruces de adorno encóntranse sobor dos portales no remate das paredes de varias casas que responden á traza dos pazos, e forman un gracioso símbolo, a maneira de blasón, construído encima do muro e formado por dúas pirámides e a cruz no medio, ven sendo a confirmación da Fe dos moradores da casa. Tamén aparecen as cruces embutidas nos tranqueiros das portas de entrada das casas, e nos diferentes xugos do carro, do arado e da grade. A devoción e confianza na Cruz é tan grande que se lle riscaba co aguillón da vara nos cornos da xugada cando se apuña o carro pra saír con el a facer un traballo.

Os cruceiros con imaxe son de diferentes modalidades con arreglo ás figuras que os compoñen. O máis sinxelo non ten máis que dúas figuras: Noso Señor nunha banda e na cara oposta a Virxen na súa Soedade. Outros cruceiros téñen diferentes esceas tanto na cruz como na vara. Noso Señor está en casi todos soio, pero en algúns ten na súa dreita unha figura, santo ou anxo, pra recoller o Sangue da ferida do costado como ten o de Carballedo (fig. 3), e a tiña tamén o cruceiro de Barreiros, obra de Xosé Cerviño, autor de cruceiros e calvarios en moitos lugares de Galiza. O cruceiro de Barreiros fíxose á devoción de Bernaldo García do lugar de Vilalén, en Loureiro, na encrucillada do Rabistel. As figuras de recoller o Sangue de Noso Señor ten na tradición popular unha relación cos misterios da remisión das culpas e deprendíase, con arreglo a ese misterio, unha oración pra rezar os viernes do ano:

*O sangue que d'El caía
Caíeu nun cáliz sagrado,
O home que a beber
Será bienaventurado,
Neste mundo será rey
No outro rey coronado.
Quen esta oración dixer
tódolos viernes do ano
saca unha alma de pena
e a súa dun gran pecado.*



Fig. 1: Eirexa de Loureiro en cuio adro foi enterrada Florentina



Fig. 2: Detalle da fachada presidida por unha imaxen de Santiago, titular da parroquia



Fig. 3: Dibuxo de Castelao



Fig. 4: D'buxo de Castelao



Fig. 5: Dibuxo de Castelao



Fig. 6: D'buxo de Castelao

Precisábase moi ben canto valía saber e decir esta oración nun aditamento final con estas palabras:

*Quen a sabe non-a dí
quen-a oi, non-a deprende
o día do Gran Xuicio
verá o que lle conviene.*

O tema da representación da Virxen está tratado con moito sentimento polos artistas. Cando se fai entender á xente a pena da Soedade no intre de despedirse, tiveron pra modelo ás mulleres que facían o planto, os familiares no Campo Santo, cando daban á terra o corpo do defunto. Esta sinceira espresión de door está moi clara no cruceiro do Lisario (fig. 4) onde aparece soia, con un manto, un posible mantelo cuberto pola cabeza, según costume das xentes de Loureiro deica os primeiros anos do século XX. Outras representacións queren interpretar o door máis profundo nunha maior soedade e pra realizar esa visión, que interpreta a separación máis longa, a Virxen ten as espadas cravadas no peito, atravesando o corazón dos dous lados como está no cruceiro da Fontevaliño, en Loureiro. A terceira representación é a que ten a Noso Señor nos brazos, escea que remata o Desencravo; está interpretada a escea con gran sentimento que acrescenta o amor de Nai. A función do Desencravo era a gala da Semana Santa en Aguasantas e acudían a presenciala xentes de todos os arredores, por eso a súa representación ten un gran realce nos cruceiros. Non sería somentes door o que os canteiros que pensaban os temas pra os cruceiros de adros e encrucilladas, tivesen no seu idealismo artístico; había outros temas: María chorou polos sufrimentos do seu Fillo, pero tamén ten de mostrarse sorrinte cando sabe que rompe os moldes do pecado pra traer o mundo o Neno Deus. O tema da Inmaculada Concepción foi tratado no cruceiro de Carballado, e parece que sería modelo algunha estampa das que levaban por aquel entón os santeiros ás Misións das aldeas. Pero no mesmo cruceiro, que é obra da segunda metade do século pasado, e na mesma línea da Virxen, están Adán i Eva (fig. 5), e detrás a Serpe con unha espresión que parece risa de ledicia pola conquista feita. E curioso o traxe da Virxen que ten un hábito de monxa (fig. 6). No cruceiro están os dous episodios da vida na

súa relación co pecado e coa redención da culpa. No cruceiro aparecen outra serie de figuras entre as que temos que destacar o patrón da parroquia: San Miguel (fig. 7), o San Miguel das uvas: santo de moita devoción en Carballedo ó que festexan doadamente as mocedades. Carballedo tivo a costume de ir en determinadas festas botar os foguetes das vísporas ó Castro, non sabemos se irían na de San Miguel en pasadas épocas.

Castelao deixou nos dibuxos dos cruceiros de Cotobade, as liñas do peito e a forma e disposición das costelas e a postura das mans na cruz coa súa representación simbólica espresada na disposición das mans no brazo da cruz e os dedos (fig. 8). É mester ter en conta que a representación dos santos ten moitas veces un símbolo na colocación e postura dos dedos; o máis usado é o que presenta a man dreita mostrando, separados, o índice, maior e anular, e o dedo pulgar na esquerda. Esta imaxe indica que morreo na defensa da Trindade dentro da unidade. As mans de Noso Señor están polo regular abertas pra perdoar. Neste senso é moi curiosa a representación do cruceiro do Lisario de Loureiro. Castelao di o seguinte:

“Cando por primeira vez reparamos na representación do perdón en varios crucifixos, xurdía unha dúbida ben xustificada, porque a postura de abenzoar ollábase nas dúas mans, e aínda que a razón de simetría tiña moita forza, non se abenzoa coas dúas mans, senón coa dereita somentes. Pero nas nosas andanzas por Galiza foinos permitido atopar un cruceiro de vella traza, na feligresía de Loureiro (Cotobade) e nel o Redentor aparece coa man esquerda pechada e a dereita en postura de abenzoar (fig. 9). Con este achádego fican esvaídas tódalas dúbidas, podendo decir que os nosos canteiros enriqueceron a iconografía cristián cun novo símbolo de requintado sentimento” (fig. 10).

Como en toda Galiza os cruceiros teñen a misión de presidir as encrucilladas por onde pasan os defuntos, e rematar o calvario diante da mesa do adro ou do campo onde se pon a Sagrada Forma o día da procesión de Corpus como o de Loureiro (fig. 11) feito por Xosé Landeiro, ten nunha cara a Noso Señor e na oposta a Virxen con Cristo morto nos brazos. Hai, igualmente, moitos petos das almas onde se depositan ofrendas de espigas porque sanaron as vacas ou os porcos ou por outra razón de vida familiar. Ofrenda por ser de circunstancia humán era



Fig. 7: Dibujo de Castelao



Fig. 8: Cruzeiro de Rebordelo. Dibujo de Castelao



Fig. 9: Dibujo de Castelao



Fig. 10: O cruceiro da encrucillada do Lisario



Fig. 11: Cruceiro do adro de Loureiro

sempre de maior categoría, por eso aparecían os faroles acendidos tanto no peto como na vara do cruceiro ou nunha pequena lacena posta na prousimidade das almas. Castelao lembraba sempre a emoción que lle causaba este faroliño que alumeaba pola noite e polo día, emoción brillante na poesía de Noriega Varela que inspirou a portada do libro *D'o Ermo* (Orense, 1920) e ten seu fondo latexar na seguinte composición:

*Oubea o lobo xunt'a cruz de pedra,
¡y-o Cristo non s'arredra!,
que xa ó sol posto non está soliño:
d'unha luz, luz de verme, s'acompaña,
porqu'ind'hay na montaña
quen lle colma d'aceite o faroliño...*

Non faltou o dibuxo momentáneo, unha anécdota da vida de cada día, a estampa das Cousas da Vida. É un dibuxo que representa unha muller, entón veciña de Castelao, que vai con un caneco na man, e refire que xa non hai pinga pra levar o caneco. O dito podía moi ben ser aplicado, con segunda intención, naquela hora política e foi merecente da consideración do artista, como foron outros moitos pensamentos recollidos na saída da Misa ou nas conversas sostidas en calquer encontro cos veciños. O espírito profundo do artista acadaba con pasión o discorrir filosófico da xente, e o seu namoro de poeta acadou tamén a flor da cantiga nos beizos das raparigas que traballaban nas leiras ou iban de camiño pra as súas casas despois de rematar a hora dos traballos; son os cantos de retesía que constituían a estampa máis leda do canto popular.

Non foi esquecido Castelao na nosa terra de Cotobade; a súa vida, o seu arte e a súa preocupación pola grandeza de Galiza xunguidos na delicadeza do espírito que trascendía ó seu redor queda eiquí como unha luz, como unha estrela nordesía alcendida no máis outo valo pra alumear os vellos camiños do val e da montaña.